PARLAMENTO DE GALICIA

[JCCP/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do día 5 de setembro de 2024

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, o día 5 de setembro de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Gonzalo Trenor López
(Vicepresidente)
Manuel Santos Costa
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Juan Manuel Casares Gándara
Miguel Fidalgo Iglesias
Julio García Comesaña
Patricia García González
José Alberto Pazos Couñago
Roberto Rodríguez Martínez
(en substitución de Noelia Pérez López)
Cristina Sanz Arias

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Óscar Insua Lema
Rosana Pérez Fernández
Brais Ruanova Vilas-Boas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros intervenientes:
Paloma Castro Rey

Comparecentes:
Secretario da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia da Xunta de Galicia
Interventora xeral da Comunidade Autónoma

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

A señora presidenta abre a sesión e rógalle ao señor secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a Presidencia comunica que, debido á coincidencia da celebración de dúas comisións á mesma hora e para facilitar o traballo das/os voceiras/os, por acordo de todos os grupos parlamentarios acordouse alterar a orde do día, e debaterase en segundo lugar a proposición non de lei que figuraba en terceiro lugar e cuxa votación se realizará ao final. Acéptase por asentimento esta alteración na orde do día.

A señora presidenta ocupa un escaño co seu grupo parlamentario e pasa a desempeñar as súas función o señor vicepresidente.

Punto 1. Comparecencia

1.1 6578 (12/CPC-000008)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Sr. secretario xeral da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia da Xunta de Galicia, por petición propia, para informar das liñas estratéxicas deste departamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49f2, do 10.07.2024

O presidente en funcións, logo de darlle a benvida ao secretario xeral da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia da Xunta de Galicia, explica o desenvolvemento da sesión, que consistirá nunha primeira rolda para o comparecente, por un tempo flexible; a continuación, unha rolda para os voceiros e voceiras dos diferentes grupos parlamentarios, por un tempo de 10 minutos e, finalmente, unha rolda de peche do debate por parte do comparecente.

Sen máis, concédelle a palabra ao **secretario xeral da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia da Xunta de Galicia, Juan Carlos Reboredo Nogueira,** que procede a informar aos membros da comisión sobre a cuestión obxecto da comparecencia.

Na rolda dos grupos parlamentarios fan uso da palabra: o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, a **señora Presas Bergantiños, Noa Olalla (BNG)**, e a **señora Sanz Arias, Cristina (P),** que formulan diferentes preguntas e observacións sobre a intervención do comparecente.

Pecha o debate **Juan Carlos Reboredo Nogueira,** quen responde ás observacións do voceiro e das voceiras, e con cuxa intervención se pecha o debate da comparecencia.

A señora presidenta incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión.

Punto 3. Proposición non de lei

3.1 5557 (12/PNC-000671)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e 5 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que inicie en 2024 os trámites de licitación para a execución do tramo entre Salto e Berdoias da autovía da Costa de Morte AG-55
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 37f1, do 12.06.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Insua Lema (BNG),** que procede á defensa da proposta expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar -o voceiro do G.P. Mixto declina intervir- a **señora Iglesias Rey (S),** para xustificar o apoio do seu grupo parlamentario á iniciativa.

Nesta mesma rolda intervén o **señor Rodríguez García González (P),** quen, logo de matizar moitas das afirmacións realizadas polos voceiros que a precederon no uso da palabra, motiva o rexeitamento do seu grupo á proposta de referencia.

O **señor Insua Lema (BNG),** fai usoda rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos expostos polo voceiro do grupo maioritario.

Punto 3. Pregunta

3.1 7940 (12/POC-001411)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da asunción en 2024 das recomendacións do Consello de Contas incluídas no informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas de 2022
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f1, do 23.08.2024

Intervén a **señora Iglesias Rey (S),** quen, como cuestión previa, agradece á flexibilidade da representante do Goberno para adaptar horarios e, de seguido, procede á

formulación da iniciativa, con ampliación das argumentacións expresadas por escrito e publicadas no Boletín anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a **Interventora Xeral da Comunidade Autónoma, (Consellería de Facenda e Administración Pública), Almudena Chacón Pichel**.

Na rolda de réplica a **señora Iglesias Rey (S),** agradece a información recibida e agarda que se teñan en conta as recomendacións do Consello de Contas.

Pecha o debate da iniciativa a **Interventora Xeral da Comunidade Autónoma, Almudena Chacón Pichel**, que amplía os datos facilitados na súa anterior intervención.

Punto 4. Dación de conta

4.1 6596 (12/PEA-000001)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Informe de seguimento do Programa Estatístico 2023 do Plan galego de estatística 2022-2026
Publicación do Informe de seguimento, BOPG n.º 49f2, do 10.07.2024

4.2 42057 (11/CXER-000003)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Conta Xeral da Comunidade Autónoma exercicio 2021
Publicación, BOPG n.º 390, do 05.10.2022

4.3 60696 (11/CXER-000004)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2022
Publicación, BOPG n.º 574, do 04.10.2023

4.4 6033 (12/ESEX-000002)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Execución orzamentaria primeiro trimestre de 2024
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

4.5 5215 (12/MOP-000003)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de abril de 2024
Publicación, BOPG n.º 37f1, do 12.06.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

4.6 **6104 (12/MOP-000004)**
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de maio de 2024
Publicación, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

4.7 **8099 (12/MOP-000005)**
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xuño de 2024
Publicación, BOPG n.º 59, do 02.08.2024

A Presidencia lémbralles ás súas señorías que a documentación que se relaciona neste cuarto punto da orde do día xa se lles trasladou aos membros da Comisión para o seu coñecemento. Non hai solicitudes de intervención ao respecto, polo que se considera substanciado este punto.

Finalmente, a Presidencia procede á votación da proposición non de lei:

2.1 5557 (12/PNC-000671), G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

Esgotada a orde do día, a Presidencia agradece o traballo dos grupos parlamentarios e dos servizos da Cámara, e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:00 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal do punto 1º. da orde do día.)

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2024.10.08 12:38:30 +02'00'

V. e pr.
Noa Olalla Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Manuel Santos Costa

Firmado digitalmente por Manuel Santos Costa
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Manuel Santos Costa, c=ES, email=manuel.santos.costa@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2024.10.08 10:04:45 +02'00'

Manuel Santos Costa
Secretario da Comisión

PARLAMENTO DE GALICIA

ANEXO ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª. ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS, DO DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2024

(Comparecencia do Secretario da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia da Xunta de Galicia)

Ábrese a sesión ás dez e trinta e un minutos da mañá.

A **presidenta da Comisión (Presas Bergantiños):** Bos días a todas e a todos.

Reiniciamos esta sesión da Comisión 3ª de Economía Facenda e Orzamentos, para o que lle prego, por favor, ao secretario que lea a lista de membros a efectos de quórum e substitucións.

O **secretario (Santos Costa):** Bo día.

Moitas grazas, presidenta.

(O secretario le a relación de asistentes.)

Hai quórum, presidenta.

A **presidenta da Comisión (Presas Bergantiños):** Moitas grazas, señor secretario.

Antes de dar comezo, lémbrolles as súas señorías que por acordo entre os grupos parlamentarios para facilitar o desenvolvemento desta Comisión e da Comisión 5ª —que coinciden no tempo—, imos proceder a unha alteración na orde do día. Polo tanto, en primeiro lugar, substanciaremos como estaba previsto a comparecencia; en segundo lugar, a proposición non de lei que figuraba en terceiro lugar; e, por último, o terceiro punto pasará a ser o que era o segundo, que é a pregunta oral en Comisión. Se non hai ningún tipo de problema, continuamos.

Imos agardar un momento a que entre o señor secretario xeral de Coordinación Económica. (Pausa.)

O **presidente en funcións (Trenor López):** Bueno, como xa estamos todos preparados, damos comezo a esta comparecencia por petición propia, por petición do Goberno, do secretario xeral da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia da Xunta de Galicia, para informar sobre as liñas estratéxicas deste departamento.

Polo tanto, xa, sen máis, ten vostede a palabra.

Por aclarar un pouco como vai ser esta comparecencia, primeiro, comparecerá o secretario xeral; despois, cada grupo, haberá unha quenda de 10 minutos flexibles para que poidan manifestar as súas é dúbidas e tamén, por suposto, para posicionar o seu grupo o sobre as liñas estratéxicas. E despois rematará o propio comparecente este punto da orde do día.

PARLAMENTO DE GALICIA

Pode empezar.

O **secretario xeral da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia da Xunta de Galicia (Reboredo Nogueira):** Moitas grazas.

Moi bos días a todas e a todos.

Como secretario xeral da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia, comparezo ante esta Comisión co obxectivo de concretar as liñas estratéxicas que delimitarán o funcionamento da Oficina de Coordinación Económica.

A Oficina de Coordinación Económica xorde como unha iniciativa do presidente Rueda, quen de forma clara e firme decide apostar por políticas económicas con altura de miras nas que non se oprime a inmediatez dos resultados senón tamén os impactos de longo prazo.

Esta concepción da política económica é especialmente relevante nos momentos actuais de cambio, onde o aproveitamento das oportunidades asociadas ao proceso de transición climática e a dixitalización nos brinda a posibilidade de situar a economía galega nunha posición de liderado e vangarda tanto a nivel nacional como internacional.

Os obxectivos da Oficina de Coordinación Económica son: en primeiro lugar, avaliar o impacto das políticas económicas sobre a actividade produtiva, o emprego e o medio ambiente; en segundo lugar, identificar, avaliar e priorizar todos aqueles proxectos de investimento que son estratéxicos para Galicia na medida na que teñan unha capacidade transformadora e tractora da nosa economía. En particular, analizaranse todos aqueles proxectos de investimento relacionados coa transición enerxética, o proceso de descarbonización da economía galega e a dixitalización, a maior parte destes proxectos son beneficiarios potenciais de axudas da Unión Europea. E, finalmente, en terceiro lugar, a Oficina desempeña unha función de coordinación e dinamización da instrumentación das accións de política económica e dos proxectos de investimento estratéxicos que abranguen varias consellerías coa finalidade de axilizar a súa tramitación e posta en marcha.

¿Cales son os eixes da política económica dende a Oficina de Coordinación Económica? A visión estratéxica das actuacións da Oficina de Coordinación Económica está aliñada cos obxectivos do Pacto Verde Europeo para a transformación da economía cara a un modelo de sustentabilidade e neutralidade climática para o ano 2050. A sustentabilidade e a neutralidade climática son unha prioridade estratéxica que non debe comprometer o desenvolvemento económico de Galicia.

A política de neutralidade climática constitúe unha grande oportunidade para transformar, mellorar, diversificar e dixitalizar a estrutura de produción da

economía galega de maneira sostible e inclusiva; un reto que temos que afrontar aproveitando todas as vantaxes comparativas que nos ofrecen os nosos recursos e capacidades para impulsar así o desenvolvemento económico e social de Galicia.

Dende a Oficina de Coordinación Económica priorizaranse todos aqueles proxectos de investimento estratéxico e innovadores para Galicia relacionados con tres pilares básicos: enerxía, auga e talento. En cada un destes tres pilares Galicia conta con vantaxes comparativas e cun gran potencial de desenvolvemento. Ao mesmo tempo, estes tres pilares facilitan a transición enerxética, a descarbonización, o impulso da actividade económica e o aumento da produtividade.

O Goberno galego xa conta con dúas ferramentas básicas que servirán para impulsar a posta en marcha destes proxectos de investimento relacionados con cada un dos tres pilares mencionados anteriormente. Por unha banda, a Lei de recursos naturais de Galicia, esta lei establece o marco normativo que regula o uso e a xestión responsable dos nosos recursos naturais; ademais, establece os mecanismos necesarios para que os beneficios económicos e sociais de todos os proxectos de investimento que usen os nosos recursos naturais revertan en Galicia. Entre eses mecanismos está a Sociedade Recursos Naturais de Galicia —RDG—, unha sociedade público-privada, instrumental, con capacidade para participar no mercado e garantir así que os proxectos de investimento que utilicen os nosos recursos naturais teñan un impacto socioeconómico positivo no noso territorio e preserven o noso capital natural.

Por outra banda, o Goberno tamén proporciona un marco de certeza que garante unha tramitación áxil aos proxectos de investimento estratéxico. En primeiro lugar, a través dunha xanela única, a Oficina Económica de Galicia, residenciada no Igape, a través da cal todos os proxectos de investimento poden fluír dunha maneira áxil e directa cara á Administración. E, en segundo lugar, reducindo burocracia e prazos, axilizando todas as tramitacións requiridas nun período inferior a un ano.

¿Cales son os tipos de proxectos e actuacións previstas en cada un dos tres pilares básicos? As actuacións e os proxectos estratéxicos a dinamizar pola Oficina de Coordinación Económica incidirán naqueles sectores que teñen alta produtividade, resiliencia e centralidade, e que ademais aproveiten as vantaxes comparativas dos recursos humanos e físicos do noso territorio.

Os proxectos previstos en cada un dos piares son os seguintes: no pilar da enerxía, en consonancia coa política enerxética da Unión Europea para o desenvolvemento das enerxías renovables, mellora da eficiencia enerxética e electrificación do transporte, e tamén de acordo coa Estratexia galega de cambio climático e enerxía para o 2050, dende a Oficina de Coordinación Económica impulsarase proxectos de investimentos relacionados coa transición enerxética.

Galicia conta con abundantes recursos de enerxía renovable —especialmente eólicos, hidroeléctricos e solares— polo que é preciso mobilizar os

investimentos necesarios co obxectivo de converternos en líderes en produción de enerxías renovables. Actualmente o 64,8 % da enerxía eléctrica producida en Galicia procede de fontes renovables e o 70 % da enerxía consumida procede de enerxías fósiles. Queda, polo tanto, moito espazo para avanzar no proceso de descarbonización do sector enerxético de Galicia e para acadar un grao de autonomía e seguridade enerxética axeitada.

Non debemos tampouco esquecer que o acceso a fontes enerxéticas renovables é un factor de competitividade empresarial clave, sobre todo nun novo contexto de regulacións medioambientais máis estritas e unha maior sensibilidade dos consumidores coa sustentabilidade dos produtos que consomen.

Ademais, as enerxías renovables —como a eólica ou a solar— poden reducir os custos da electricidade no medio prazo; anticiparse no seu desenvolvemento e expansión actuará como elemento catalizador para a atracción de empresas, para a mellora da competitividade empresarial e para impulsar a actividade industrial sustentable.

É, polo tanto, preciso identificar e impulsar todos aqueles proxectos de investimento que incrementen a capacidade de produción de enerxía renovable. Dentro destes proxectos cabe destacar os proxectos de investimento de enerxía eólica. Galicia conta con grandes recursos en horas de vento, a enerxía eólica xoga un papel primordial no mix enerxético para avanzar cara a un sistema enerxético sustentable e autosuficiente. Aínda que, desafortunadamente, moitas iniciativas de eólicas se atopan agora mesmo paralizadas por cuestións xudiciais, seguiremos impulsando a produción de enerxía eólica, tanto con proxectos novos como con proxectos de repotenciación; e, en particular, todos aqueles proxectos eólicos que estean conectados con proxectos de desenvolvemento industrial.

Unha segunda liña de actuación dentro do pilar Enerxía é a relativa á descarbonización dos consumos enerxéticos en polígonos industriais e portos. Para iso promoveremos a constitución de comunidades enerxéticas que fagan uso dos recursos solares eólicos dispoñibles para a produción de enerxía renovable de autoconsumo, e tamén para que esas comunidades faciliten a adopción de medidas de eficiencia enerxética por parte das empresas e descarbonicen as súas frotas de transporte.

A dispoñibilidade e o potencial dos recursos eólicos solares e outras fontes renovables nas diferentes áreas de interese será analizada ao longo do 2025, e a partir dos resultados desta análise iniciarase a fase de valoración da constitución das comunidades e a explotación dos recursos.

Unha terceira liña de actuación dentro do pilar Enerxía é a relativa á produción de biogás. Galicia ten un gran potencial para a produción de biogás dada a elevada dispoñibilidade de residuos agrogandeiros. Ademais, dado o exceso de xeración de xurros é necesario e urxente desenvolver un proxecto de produción de biogás que se

aliñe co concepto de economía circular. Por esta razón, impulsaremos e consensuaremos co sector a creación dunha rede de plantas de tratamento de residuos orgánicos de bovino, porcino e avícola que estará centrada na produción de biogás a partires de eses residuos, no tratamento dos subproductos da dixestión anaeróbica para convertelos en fertilizantes orgánicos que melloren a calidade dos solos e finalmente na reciclaxe dos efluentes líquidos. Este proxecto contribuirá á xeración de enerxía limpa, á diversificación das fontes de produción de enerxía e á circularidade do sector agrogandeiro.

Finalmente, dentro do pilar de Enerxía tamén impulsaremos proxectos de investimento mineiro para a extracción de minerais críticos. En Galicia téñense identificado reservas de materiais críticos que son fundamentais para a transición climática e o desenvolvemento tecnolóxico. A Lei de materias primas da Unión Europea de marzo de 2024 promove a promoción destes materiais identificados como esenciais para a produción de turbinas eólicas, paneis solares ou baterías para o almacenamento de enerxía.

Dada a relevancia dos materiais críticos para o desenvolvemento das enerxías renovables e a importancia de integrar toda a cadea de valor asociadas ás enerxías renovables en Galicia, resulta prioritario desenvolver proxectos de investimento asociados á exploración e produción eficiente e sustentable de minerais críticos que son moi escasos en Europa e que teñen prioridade estratéxica en termos de sustentabilidade.

Pilar relativo á auga. A auga é un recurso esencial e abundante en Galicia que ofrece vantaxes comparativas no desenvolvemento de determinadas actividades económicas. Os proxectos de investimento relacionados co uso responsable da auga ofrecen oportunidades de converxer cara a un sistema económico máis sustentable; en particular, dentro da ampla variedade de proxectos relacionados coa auga, consideraremos aqueles proxectos de investimentos para a produción de hidróxeno verde.

Segundo se establece no Pacto verde europeo, o hidróxeno verde producido a partir de auga e enerxías renovables é un vector fundamental para a descarbonización da industria, o transporte e a enerxía. A Estratexia europea do hidróxeno verde establece uns obxectivos ambiciosos para este vector enerxético, estimándose que o 25 % da enerxía pase por este polo enerxético.

A produción de hidróxeno verde representa unha oportunidade estratéxica para Galicia que conta con abundante auga e capacidade de xeración de enerxías renovables, especialmente eólica e hidráulica. Os usos industriais de mobilidade e residenciais de hidróxeno verde expandiranse ao longo dos próximos anos, polo que desenvolveremos a Estratexia do hidróxeno verde en Galicia no horizonte 2030 coa finalidade de ordenar a produción, almacenamento e o transporte, así como regular o funcionamento do mercado de hidróxeno.

PARLAMENTO DE GALICIA

Actualmente, Galicia xa conta con varias iniciativas de produción de hidróxeno verde, todas elas ligadas aos usos industriais. Será prioritario o impulso de máis proxectos industriais de hidróxeno verde no contexto dun mercado regulado e ordenado de acordo coas directrices do plan estratéxico que elaboraremos, neste pilar da auga tamén impulsaremos todos aqueles proxectos de investimento relacionados coa almacenaxe da enerxía.

Para asegurar a fiabilidade e a estabilidade do subministro eléctrico procedente das enerxías renovables, como a eólica e solar é preciso desenvolver sistemas de almacenamento dos excesos de produción desas enerxías.

Galicia conta con importantes centrais hidroeléctricas que poden aproveitar os excesos de produción de enerxías renovables para crear centrais de bombeo que incrementen a capacidade de produción hidroeléctrica. Polo tanto, todos aqueles proxectos relacionados con centrais hidroeléctricas reversibles terán a consideración de estratéxicos dado que supoñen unha importante oportunidade para a consolidación da transición enerxética. Cunha planificación medioambiental coidadosa e responsable Galicia pode converterse en líder na implementación deste tipo de almacenamento enerxético en España.

Finalmente, dentro do pilar Auga tamén impulsaremos aqueles proxectos de investimentos relacionados coa acuicultura. A auga é un recurso básico para estas actividades e Galicia é líder en produción acuícola en Europa en determinadas especies. Debemos avanzar e mellorar con proxectos de investimento en innovación que exploren a produción de novas especies, que diversifiquen en definitiva a carteira de produción actual, e que aproveiten a demanda global crecente de produtos mariño-sustentables.

No relativo ao pilar Talento. O talento é indiscutiblemente o ingrediente esencial da innovación e do progreso económico. É preciso impulsar, atraer e reter talento, especialmente naqueles sectores que forman parte da nova economía na que a actividade económica galega debería ter un papel protagonista en base ao seu potencial.

En particular, identifícanse dous polos tecnolóxicos nos que o talento é un dos activos máis importantes: a biotecnoloxía e a intelixencia artificial, claramente identificables coa innovación, alto valor engadido e potencial de futuro. A biotecnoloxía, identificada pola Comisión Europea como a tecnoloxía crítica para a seguridade económica, é clave para a competitividade e modernización da economía galega.

Ten un alto potencial para, por unha banda, impulsar a produtividade do traballo, e, por outra banda, para afrontar os desafíos do cambio climático; incrementa a circular idade ao reducir a dependencia dos factores de produción baseados en enerxías fósiles, restaura os sistemas naturais vitais, asegura a cadea de oferta alimentaria e mellora e introduce novos tratamentos para a saúde humana.

PARLAMENTO DE GALICIA

Neste sentido, a biotecnoloxía é unha panca fundamental para a competitividade, para o desenvolvemento —o desenvolvemento de novas industrias— e tamén para o impulso dunha economía sustentable.

Galicia xa conta cunha folla de ruta empezou e impulsou o ecosistema biotecnolóxico galego dende o ano 2016. Utilizando un esquema de colaboración a nivel rexional estatal, europeo, tanto público como privado, a Estratexia do sector biotecnolóxico galego para o período 21-25 busca a mobilización de 662 millóns de euros. Estes investimentos teñen como obxectivo situar a Galicia como rexión biotecnolóxica de referencia no ámbito da investigación e o bioemprendemento coa atracción de empresas intensivas en I+D+i en sectores da actividade como son o desenvolvemento e a produción de fármacos e vacúas, novas tecnoloxías para o medicamento personalizado, a medicina rexenerativa e enfermidades crónicas. para a produción e aproveitamento agrogandeiro, forestal, para a alimentación funcional e nutracéutica para a saúde e o envellecemento activo, para o medio, a economía circular e bioenerxía e tamén para a xestión e aproveitamento dos recursos mariños.

A biotecnoloxía continuará sendo un eixo fundamental da transición ecolóxica e a competitividade, polo que é necesario adoptar políticas activas en materia de biotecnoloxía para reforzar e impulsar o desenvolvemento industrial e para crear novas empresas en Galicia. Estas políticas sustentaranse en dous eixes estratéxicos: por unha banda, no investimento en investigación biotecnolóxica de vangarda, actualmente Galicia xa conta con investigadores e centros de investigación de referencia no ámbito da biotecnoloxía.

Este polo de investigación será impulsado con investimentos público-privados que permitan reforzar e crear novos centros de investigación de excelencia que teñan a capacidade de atraer e reter talento investigador. O obxectivo será situar a investigación galega en Biotecnoloxía en posicións de liderado científico a nivel internacional. Priorizaranse aquelas iniciativas de investigación que utilicen modelos de intelixencia artificial e intelixencia artificial xenerativa que, aproveitando os nosos recursos computacionais, contribúan a acelerar a innovación biotecnolóxica con alto potencial de desenvolvemento industrial, especialmente a relacionada coa saúde.

É, por outra banda, tamén se impulsará a biotecnoloxía industrial a partir da transferencia e innovación xerada pola actividade investigadora. Potenciarase o crecemento e o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais con iniciativas público-privadas que sitúen o centro de toma de decisións de produción en Galicia. A investigación e a innovación xerada en Galicia materializarase en actividade industrial en Galicia. Articularase un polo de biotecnoloxía industrial no que se desenvolverán programas de apoio específico, desde o prototipado ata a fase de validación da escala produtiva e comercial, e ademais que actúe como polo de atracción de investimentos en I+D+i.

Tamén dentro deste pilar relativo ao Talento impulsaremos proxectos de investimento de mellora da produtividade baseados na intelixencia artificial. O uso eficaz da IA ten unha importancia estratéxica clave para impulsar o crecemento, para mellorar a produtividade e tamén para impulsar a sustentabilidade das organizacións.

A automatización de tarefas repetitivas, a mellora na toma de decisións, a optimización dos procesos de produción ou a creación de novos produtos e servizos son tarefas nas que aplicacións de IA poden mellorar o rendemento e transformar a maneira na que as empresas operan.

Galicia xa conta con unha estratexia de IA, á cal busca posicionar a Galicia na vangarda da adopción de tecnoloxías de IA para mellora da calidade de vida, da competitividade e da sustentabilidade dende un punto de vista ético e fiable. Conta tamén coa Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial que está en Galicia, grazas a que a Xunta a apadriñou.

Está tamén a elaborar a primeira lei de intelixencia artificial a nivel rexional en toda Europa, e Galicia tamén conta cun ecosistema de intelixencia artificial composto polas universidades, os centros tecnolóxicos e empresas tecnolóxicas.

Cómpre, polo tanto, aproveitar todas as vantaxes competitivas que ofrece o actual ecosistema de intelixencia artificial galego. Considerararanse como prioritarias todas aquelas políticas de impulso da IA e o desenvolvemento de proxectos de investimento encamiñados á mellora da produtividade das empresas en diferentes sectores, en particular, no sector industrial, na sanidade e nos servizos.

Estes proxectos, que buscan maximizar os usos da tecnoloxía ao tempo que mitigan os seus riscos, implicarán a colaboración dos centros tecnolóxicos galegos e as universidades con empresas do entorno.

Xa para rematar, e a modo de conclusión, todas as accións estratéxicas impulsadas dende a Oficina de Coordinación Económica estarán orientadas a facilitar a transición cara a unha nova economía; transición que estará impulsada pola innovación e o talento para conseguir unha economía máis dinámica, sustentable e inclusiva.

Conclúo aquí a comparecencia agradecendo a vosa atención e quedo á vosa disposición para aclarar as cuestións que consideres pertinentes.

Moitas grazas a todas e a todos pola vosa atención.

O **presidente en funcións (Trenor López):** Moitísimas grazas, señor Reboredo.

E, como xa anunciamos antes, pois faremos agora unha quenda de todos os grupos para posicionarse sobre a comparecencia do secretario xeral e tamén para solicitar todas aquelas aclaracións que consideren oportunas.

Empezamos esta quenda co portavoz do grupo do Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea Bouzo.

O **señor Ojea Bouzo:** Grazas, presidente.

Grazas, señor secretario xeral, por comparecer hoxe a darnos explicacións acerca das liñas estratéxicas do seu servizo.

Eu estaba pensando —unha reflexión que estaba facendo— se estas reflexións acerca das liñas estratéxicas non estarían sendo preparacións para liñas tácticas, ou sexa, para xustificar accións concretas. E quero entender que non, pero en varios momentos da súa intervención dábame a impresión persoal de que esas consideracións de tipo abstracto estarían pensadas probablemente para xustificar accións concretas. Ben, de todos os xeitos, estaremos atentos a ver se isto non é así.

E vostede dixo nalgún momento que... fixo unha valoración —eu entendo que subxectiva— acerca dalgunha situación xudicial, dixo que desgraciadamente algúns dos proxectos estaban paralizados por decisións xudiciais. Bueno, eu non sei se o cualificativo ou se o adverbio de «desgraciadamente» está axeitado; se hai unha decisión xudicial, sexa do tipo que sexa, nalgún aspecto destes entendo que será xustificado, eu non me atrevería a dicir «desgraciadamente» nin «afortunadamente», hai unha independencia dos xuíces ao respecto.

E falou da auga. A auga é importante, a auga pódese dicir que está na xénese do que é Galicia. Fálase moitas veces de que moitos dos problemas de Galicia veñen da súa dispersión territorial, que fai que sexa moi caro o transporte escolar, que sexa moi cara a recollida de basuras, etcétera. E a razón esencial da dispersión de Galicia —segundo din os investigadores— está precisamente na auga, os asentamentos poboacionais sempre —no pasado sobre todo— se facía onde había auga, onde había fontes; onde había fontes é onde se podían asentar as poboacións. E iso fixo que Galicia, que é a terra das 1.000 fontes ou a terra dos 1.000 ríos, se asentase en moitos lugares e as consecuencias diso é a dispersión territorial cos correspondentes problemas que iso causa.

A auga é importante en Galicia por moitos motivos, e vostede falou, entre outras moitas cousas de que as centrais eléctricas —eu entendinllo así, polo menos— poderían bombear auga a lugares elevados e facendo presas en sitios máis altos do que sería o un embalse inicial almacenar así a enerxía. É unha forma clásica de almacenaxe de enerxía, bombear auga a un lugar alto, almacenar enerxía potencial —como lle chamabamos no instituto— e logo converter a enerxía cinética abrindo a comporta e baixando auga para abaixo, transformando iso en enerxía eléctrica. E nos proxectos que

hai fálase moitas veces de que iso se fai para almacenar enerxía excedente e entregala cando sexa máis, ou sexa, cando xere máis beneficios nas horas nas que sexa máis cara. E iso non está en principio tampouco que o vexamos tan mal, pero querémoslles recordar porque temos unhas cuncas, en concreto, na provincia de Ourense, que se están preparando, que é o bombeo; hai un proxecto que está agora —entendo— todavía o informe de impacto ambiental entre o embalse de Castrelo, que se pretende bombear auga a unha zona alta dos concellos de Cartelle, Castrelo e outro máis que hai por alí. Pero os estudos deixan constancia de que iso afectaría —á parte do medio ambiente, aos biotopos e aos ecosistemas propios do lugar— aos acuíferos e á potabilidade da auga en varias zonas.

Entón, bueno, fago constancia deste caso concreto que non sei se é ao que se estaría referindo ou estaría pensando nel ou noutros semellantes cando falaba dese xeito de almacenaxe da enerxía. Pero lembrarlles que a ver si tanta preocupación pola auga vai facer precisamente o efecto contrario, se esa clase de almacenaxe de enerxía en lugares elevados, en montañas, altera o ciclo da auga na comunidade, altera a potabilidade dos acuíferos, altera —digamos— o sistema hidrolóxico, etcétera; quero dicir con iso que antes de tomar esa clase de decisións, como é preceptivo, deben facerse os estudos pertinentes.

O mesmo que no caso dos eólicos, o mesmo que no caso das minas, que loxicamente son recursos naturais que temos que explotar, loxicamente, sobre todo cando hai unha demanda internacional —como vostede dixo— acerca de determinados elementos químicos ou compostos que son importantes para as novas tecnoloxías. Pero —como dicía tamén antes— haberá que estar tamén un pouco vixiantes para que iso non produza un impacto a longo prazo negativo por motivos medioambientais. Na súa exposición parece traducirse que existe sensibilidade nese aspecto tamén, pero, ben, que temos que dicilo.

No caso da intelixencia artificial, eu recordaríalles que a provincia de Ourense, a cidade de Ourense foi pioneira —a nivel mediático polo menos— na atribución de importancia a esa clase de estudos e de investigacións. E tamén lles diría que pensaran na provincia de Ourense, no campus que ten, etcétera, para algúns deses proxectos de intelixencia artificial aos que fixo referencia se puidesen asentar alí un pouco para que a provincia de Ourense se poña ao nivel do resto das provincias da costa a nivel tecnolóxico e a nivel económico; esa podería ser incluso unha liña estratéxica do seu departamento, pensar un pouquiño na provincia.

Ben, teño aquí algunhas cousas máis das que poderiamos falar pero, bueno, eu en esencia quérolle agradecer a súa intervención. Volverémola escoitar na gravación con atención e logo trataremos de ler entre liñas ou de escoitar entre liñas —metaforicamente falando— do que quere exactamente dicir, e estaremos atentos ao futuro para ver como se traducen esas liñas estratéxicas en accións tácticas.

Nada máis. Grazas.

O **señor presidente en funcións (Trenor López):** Moitísimas grazas, señor Ojea, polas súas reflexións.

E agora ten a quenda a voceira do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Iglesias Rey.

A **señora Iglesias Rey:** Moitas grazas.

Bos días, señores e señoras deputadas.

Grazas, señor Reboredo, pola súa intervención e benvido ao Parlamento.

Seguro que pola súa bagaxe profesional e académica —que me consta— podería presupoñer que as súas funcións van ser de gran relevancia no aspecto económico e industrial do Goberno galego. Pero o certo é que, analizando polo miúdo ese novo decreto de estrutura orgánica da Presidencia, observamos que o seu cargo realmente carece de funcións executivas e de xestión; e son máis ben funcións de coordinación, de estudo, de análise, de avaliación, como ben fixo referencia na súa intervención.

Asemade, cremos que moitas destas atribucións se duplican con outros órganos ou unidades creadas, como a Oficina Económica do Igape —á que se fixo referencia—, ou a oficina ou outros órganos directivos da Consellería de Facenda ou mesmo da Consellería de Economía e Industria. E diría eu máis, neses proxectos de dinamización e sensibilización de proxectos estratéxicos industriais do Goberno galego poderiamos entender tamén que hai duplicidade coa Sociedade Impulsa e coa Sociedade Recursos de Galicia, eses híbridos de sociedades mixtas de colaboración público-privada, que non é outra cousa que a privatización —cremos os socialistas galegos— dos nosos recursos naturais —como exporei—.

E cremos, por tanto, que de novo repítese mesmo esquema, que xa estamos acostumados do Goberno galego a unha absoluta falta de eficiencia dos órganos interadministrativos que funcionan como illas desertas. Unha mostra témola tamén na xestión dos fondos europeos: o FS vai por unha parte, o FEDER vai por outra, os fondos Next, os fondos React tamén xestiónanse noutra unidade; por tanto, esa eficiencia é manifesta. Iso si, a propaganda e os anuncios funcionan ben, pero se ollas cara a dentro as cousas non funcionan tan ben como direi.

Por outra banda —aínda, evidentemente, que é un recén chegado ao Goberno galego—, polas explicacións tamén que me deu non me quedan dúbidas de que parece que a política económica e industrial do Goberno galego vai seguir sendo un pouquiño a mesma destes 15 últimos anos: unha política de ir tirando, de cor gris e de falta de ambición de país. Política económica e industrial carente de marca propia galega, que se amosa pola parálise de moitos proxectos industriais, do caos da enerxía

terrestre, que evidentemente claro que ten responsabilidade o Goberno galego. Eses autos de suspensión, evidentemente, moitos son por motivos de falta de sensibilidade ambiental integrada dos parques eólicos que se desenvolven na nosa terra e pola falta de planificación enerxética.

E, por tanto, tamén se amosan non moitos proxectos estratéxicos declarados polo Consello da Xunta, pois realmente son proxectos que se tramitaron con moita opacidade e falta de transparencia. E como di Antón Costas, presidente do CES —colega seu e economista de recoñecido prestixio tamén—: «en tempos de incerteza como o presente é imprescindible que as decisións políticas se adoiten de abaixo a arriba escoitando a sociedade civil e a cidadanía». E aquí é onde o Goberno galego consideramos os socialistas tras a fallar de forma estrepitosa cun comportamento —entendemos— cheo de altivez, con patente de corso por esa maioría absoluta; sen facer nunca autocrítica e aprender dos erros, que é o que nos permite mellorar e avanzar. Iso si, todo o malo que pasa en Galicia é culpa do Goberno de España, a oposición á oposición, ata ten secuestrado o expediente da celulosa de Altri, como chegou a manifestar a conselleira de Economía, a señora Lorenzana. Cando os secuestros que temos os galegos cremos os socialistas que son evidentemente o sobrecusto do Hospital Álvaro Cunqueiro, ou a prórroga da AP-9 de Aznar prorrogada ata 2015 —con Feijóo xa de por medio—, que son decisións do PP.

E as socialistas galegas, señor Reboredo, cremos que o noso país debe liderar esa reindustrialización sostible da man da transición enerxética, que cremos que para nós é un binomio inseparable.

Pero fagamos unha breve comparativa dos datos macro a nivel de España, doutras comunidades autónomas e de Galicia. Porque —como dicía, señor Reboredo— para o presidente de Rueda todo o malo que pasa en Galicia parece que é culpa do Goberno de España, pero resulta que España vai ben, vai moi ben. Batemos récords de emprego, máis de 21 millóns de persoas traballando, lideramos o crecemento na Eurozona, como vostede recoñeceu tamén na entrevista que lle concedeu á La Voz de Galicia, que —e recalco, entrecomiñado— «Estamos vivindo un momento excelente e temos en termos de crecemento económico e de creación de emprego». Digo eu que algo terán que ver as políticas económicas progresistas do Goberno socialista.

Pero en Galicia, ¿que pasa no noso país, señor secretario xeral? Pois resulta que Galicia non vai tan ben; poderiamos dicir que non vai precisamente a fume de carozo en termos macroeconómicos, digamos que vaian ralentí. E non o digo eu, dino os informes do Banco de España, os informes sobre a evolución da inflación, os informes Airef, o informe Ardán sobre a economía galega. En termos comparativos, España crece un tres fronte ao 1,8 % en termos interanuais, case un punto menos de crecemento económico no noso país; mentres que no Goberno de España —tamén segundo os datos do INE de agosto— a inflación baixou seis décimas ata o 2,2 %, que é a taxa máis baixa do último ano —tamén baixa a (non se entende)—, pero resulta que Galicia —saberao tamén— lidera a subida da inflación interanual de todas as comunidades autónomas en

España. Fareille un pouquiño a Castela-A Mancha, entre o ano 2019 e xuño de 2024, a inflacción acumulada para o conxunto da economía española foi do 18,9 % e en Galicia foi do 21,2 %, a máis alta —como dicía— das 17 comunidades autónomas. Pero iso se o traducimos á vida real da xente do común sabemos que iso implica que os galegos e as galegas cada vez que van aos supermercados pois evidentemente vén reducida —digamos— esa economía non macro, senón a economía do seu consumo. Sofren esa subida dos prezos na compra de alimentos, da roupa, do calzado; e por non falar da subida da volta ao cole, que supón 400 euros en Galicia por fillo que temos.

Tamén coñece que se publicou a enquisa da EPA, e aí tamén de novo en termos comparativos a evolución do mercado laboral de Galicia é alarmantemente inferior ao conxunto de España, tanto en termos de ocupación como de desemprego. Amosa a EPA que no último ano o número de ocupados en España creceu un 2 %, mentres que en Galicia apenas o fixo un 0,3 %, é dicir, practicamente o ritmo de oito veces inferior.

E tamén en termos de desemprego estamos a falar, digamos que o contraste é máis acusado, mentres que no conxunto de España o desemprego diminuíu case un 2 %, en Galicia aumentou un 2,2 %. Estamos a falar, por tanto, de 2.600 persoas máis en paro no segundo trimestre de 2024 en comparación co mesmo período do ano 23.

¿E como está o noso estado de benestar, señor Reboredo? Porque tamén é importante ver como están os nosos servizos públicos: a educación, a sanidade, o servizo de atención á dependencia? Pois non estamos ben, segundo o informe Fedea 2024, somos os últimos da clase en calidade de estado de benestar; hai aumento dos concerto na sanidade privada, na privatización do coidado dos nosos dependentes. A asfixia dos concellos galegos é acuciante, e mentres o Goberno galego está a mirar para outro lado, están asumindo competencias que son exclusivas da Xunta de Galicia e que non están debidamente financiados eses servizos e eses custos que se están prestando.

E finalmente —para rematar—, dos datos macro —como seguro que tamén coñece— o peso da industria na economía galega é dun 15 % do PIB galego. Debería o Goberno galego de Rueda fixarse ese reto de país, de subir e pretender subir ese índice un 20 % que marca Europa, como tamén —e por iso o noso voceiro, José Ramón Gómez Besteiro, no debate de investidura ofreceu un pacto pola industria e a enerxía— tendemos a man as socialistas galegas para conseguir ese reto de país.

A nosa oportunidade é a nosa variedade, Galicia é enerxía pero tamén naval; e as industrias derivadas, como as compoñentes da eólica mariña na zona de Ferrolterra, a I+D+i coa EsIA, o PERTE do chip en Vigo, o PERTE do automóbil en Stellantis, o PERTE do ciclo da auga que está beneficiando a moitos concellos. Pero tamén o PERTE agroalimentario, a nosa industria láctea, o noso sector forestal, a hidráulica reversible —que tamén mencionou—.

PARLAMENTO DE GALICIA

En definitiva, o status quo económico en Galicia non é bo e débese a unha política económica —cremos nós— baseada na inercia e carente de iniciativas concretas para promover a actividade económica e industrial de Galicia.

Falemos brevemente tamén da execución dos fondos europeos e dos pertes industriais, señor Reboredo. Mentres que o Goberno de España celebrou a innovación e a modernización en Galicia, a día de hoxe —con datos sacados da aplicación que ten o Ministerio sobre o tema de execución e de fondos—, o noso país vive a maior transformación da súa historia, con máis de 4.000 —4.000, reitero— millóns de euros que chegaron a Galicia para facer un futuro xusto, seguro e sustentable con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

O **presidente en funcións (Trenor López):** Señora Iglesias, quédalle menos dun minuto.

A **señora Iglesias Rey**: ...axudas que favoreceron a 40.000 empresas e á cidadanía, aos galegos.

Finalmente, dicir que esa execución que fai a Xunta, quedan sen executar 5,5 euros de cada vez que programan e chegar a pagarse só 3 euros de cada 10 que se orzamentan. E despois, claro, din que realmente a culpa é do Goberno de España.

Brevemente, falar do caos da xestión da enerxía eólica do noso país e dos recursos naturais. Hai un caos de xestión. Evidentemente, levan 15 anos no Goberno ou o PPdeG e non podemos botar balóns fóra e dicir que é un tema a relega aos autos xudiciais de suspensión do Tribunal Superior de Xustiza porque moitos teñen que ver coa cuestión prexudicial que solicitou o TJUE, pero moitas outras e suspenden —como dicía— por motivos medioambientais. E mentres tanto, o Goberno galego evidentemente está a velas vir.

Pensemos tamén nun intre no fracaso dos proxectos mineiros: Corcoesto, San Fins, Penouta, que se acaban de abrir dilixencias penais esta mesma semana; e estaremos atentos ao novo proxecto de cobre da mina do Pino, evidentemente, moi atentos. E deses lodos estes barros, señor secretario xeral, hai unha gran inseguridade xurídica insoportable no sector que se debe a unha responsabilidade exclusiva do Goberno galego. Pensan que se vai solucionar todo co Proxecto de lei de recursos naturais pero, evidentemente, nese proxecto nin sequera se fai referencia á terceira directiva de renovables; que hai que traspoñer por certo, que obriga a zonificar e a planificar os proxectos renovables. E de novo temos os deberes sen facer.

Proxectos industriais estratéxicos —brevemente—, hai declarados sete evidentemente no Consello da Xunta. E dicir que neste caso entendemos nós tamén que hai unha grande opacidade e falta de transparencia, e sobre todo que hai unha parálise deses proxectos estratéxicos declarados por unha Lei galega de 2015, que esperemos —porque será ben para todos os galegos e galegas— que se lles dea arranque; moitos

deles, por certo, vinculados a PERTEs estatais xa concedidos en moitos millóns de euros polo Goberno de España.

Moitas grazas.

O **presidente en funcións (Trenor López):** Moitísimas grazas, señora Iglesias.

É agora o turno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A **señora Presas Bergantiños**: Moitas grazas, señor presidente.

Benvido, señor Reboredo, a esta Comisión. Agradecémoslle en nome do BNG a súa comparecencia nesta Comisión 3ª.

Cando recibimos a noticia de que vostede ía comparecer pois a verdade é que eu facía dúas posibles lecturas, cabía a posibilidade de que vostede viñera comparecer aquí, como fan moitos membros do Goberno e basicamente dar unha rolda de prensa de xeneralidades para sacar algún titular e sen máis. Unha práctica cada vez máis habitual nesta lexislatura; na que ademais non sei se vostede o sabe, pero iso implica que os grupos da oposición perdemos capacidade de impulso dunha iniciativa na orde do día. Ou, cabía a posibilidade de que realmente a súa comparecencia nesta Comisión —algo novidoso— que fose un síntoma dun tímido cambio de rumbo nas políticas do Partido Popular en materia de economía, industria e desenvolvemento económico dos últimos 15 anos. E podería ser un síntoma de que vostedes asumían que foi un erro renunciar a intervir na economía durante os tres últimos lustros e dedicarse basicamente simplemente a implementar reformas lexislativas para desregularizar absolutamente todo; mentres, ao mesmo tempo, dopaban selectivamente empresas a dedo.

Pensabamos que quizais era un síntoma de rectificación e de que vostedes por fin asumían que neste país había que dar un debate sobre o modelo económico, sobre as transformacións que necesitan este país, e que podían incluso estar dispostos a escoitar algo. Pero, a verdade, eu voulle conceder o beneficio da dúbida na súa primeira comparecencia nesta Cámara, pero teño que dicirlle que somos escépticos. E que temos un escepticismo ademais que ten unha fundamentación empírica baseada xa non nestes últimos 15 anos de goberno, senón tamén nas últimas etapas do executivo do señor Rueda.

E eu quero recordar que vostede falou aquí de cuestións como o talento, auga, e enerxía. Nestes 15 anos, falando do talento neste país emigraron máis de 200.000 mozos e mozas, unha parte importante de mozos e mozas formados cun talento que o propio Foro Económico cifrou que supón unha perda para este país de 300 millóns de euros ao ano e vostedes non implementaron políticas para evitar esa fuga de

talento. E nestes anos o balance é que tamén perdemos emprego industrial, seguimos á cola en datos de emprego tamén no Estado en canto a taxas; e tamén poderiamos entrar a analizar datos como os que dá o Consello Económico e Social na súa última memoria económica e que sitúan o noso país nunha posición delicada tamén en termos de perda de competitividade tanto a nivel europeo como en comparación, por exemplo, co norte de Portugal. E un longo etcétera en cuestións que non son beneficiosas para a nosa economía, como estar á cola en investimento e en innovación, ou como estar á cola tamén en capacidade de atracción de inversión estranxeira.

Tamén hai outras cuestións pendentes que son fundamentais desde o punto de vista económico e que cabería agardar algún tipo de valoración por parte de quen agora se supón que vai coordinar a política económica deste país, como todo o que ten que ver coa capacidade de financiamento de proxectos e de investimentos. Nestas últimas décadas este país perdeu o seu músculo financeiro, o Goberno do que vostede fai parte agora foi cómplice desa perda de músculo financeiro, cómplice dun sistema de financiamento que nos fai perder máis de 1.000 millóns de euros ao ano. E tamén cabería facer mención a todos os recursos económicos que se detraen deste país por medio dunha política fiscal que favorece as rendas máis altas.

Tamén hai outras cuestións como a deslocalización ou o desequilibrio territorial que hai no noso país nas que vostede non entrou e que nós cremos que son cuestións importantes que cabería analizar se realmente hai unha vontade por parte do Goberno galego de facer unha política económica global coordinada e que afronte os retos de futuro deste país. Pero dános a impresión de que ao final a estratexia do señor Rueda de colocalo a vostede e crear esta dirección xeral obedece simplemente a unha estratexia de márketing sen unha vontade real; ou a unha estratexia non sabemos quizais se de desconfianza da propia conselleira de Economía e Industria, da que aínda esperamos unha comparecencia semellante.

En todo caso, eu si que quería insistir —antes de determe noutras cuestións que vostede comentou— en que nos dá a impresión de que esta nova figura que sobre a teoría, sobre o papel, entendemos que podería ser necesaria e incluso positiva, obedece máis ben a unha falta de folla de ruta e a unha política de bandazos no ámbito económico e industrial. E unha política de bandazos ademais que podemos ver nos cambios lexislativos, xa non me vou retrotraer ao minuto un do mandato do Partido Popular neste país, pero xa na época máis recente desde a pandemia e desde os tres-catro anos anteriores á pandemia, momentos claramente de transformación económica, enerxética, etcétera, e que basicamente o Partido Popular reaccionou simplemente con políticas de titulares a problemas graves como a terciarización da economía, como a deslocalización, etcétera.

Cabe recordar que xa na propia Lei de implantación empresarial do 17, na Lei de axilización administrativa do 21, nas leis de acompañamento do 22 e do 23 —que supuxo ademais unha nova Lei de industria—, etcétera, estaba enriba da mesa a necesidade da coordinación. E incluso xa o propio Consello Económico e Social, no

2017 no Pacto pola Industria, pedía algo semellante a unha xanela única. O ano pasado, ao fío do debate orzamentario desa lei de acompañamento as áreas de Economía e Industria puñan enriba da mesa a creación dunha oficina económica. Esa oficina económica mantense no Igape; pero, crean unha especie de dirección desde Vicepresidencia, porque queda moi pomposo de cara á galería nun discurso de investidura baleiro de contido. Pero a realidade é, neste tempo, nestes últimos catro ou oito anos, ¿que coordinación económica houbo no Goberno galego? tendente a menos cero e a menos 10. Tendente a non haber máis coordinación que simplemente aprobar sucesivamente cambios regulatorios que crearon inseguridade xurídica —que crearon vostedes—, inseguridade para a cidadanía e ademais un proceso desregulación no que unicamente o que buscan é sortear trámites e restar garantías en ámbitos como a protección medioambiental.

Ese é o resultado, o que ten é que tamén aquí houbo uns recursos para os fondos europeos de reactivación; a este país e a este Parlamento negóuselle un debate de cales tiñan que ser as prioridades, e catro anos despois deses fondos, ¿cantos proxectos estratéxicos?, ¿cantos proxectos agora auspiciados polo Goberno, deses máis de 300 que anunciaban vostedes, son unha realidade? Pois non hai unha translación a este país e á súa economía, o que hai é enriba da mesa grandes ameazas como esa bomba ambiental de Altri, á que buscan vostedes poñer unha alfombra vermella e que realmente o único que supón son novas fórmulas para intentar que este país manteña unha posición absolutamente colonial no económico e no enerxético, e que por riba se insufle iso de recursos económicos que necesitarían outros ámbitos.

E, basicamente, ese é o resumo, mentres levamos escoitando titulares e anuncios á empresa de tramitación áxil, de desburocratización, etcétera; pero ao final a burocracia segue, a falta de activación económica segue e a falta de translación deses proxectos pois segue tamén.

Polo tanto, vemos que hai unha política de bandazos e que, desde logo a necesidade dunha coordinación efectiva pois sería moita, pero sobre todo sería importante a necesidade dunha transformación do modelo en todos os ámbitos dos que vostede falou e vou citalos telegraficamente porque eu teño menos tempo.

Respecto do talento, seguen vostedes sen facer unha política de investimento en I+D+i. Estamos moi lonxe do obxectivo do 2 % de produto interior bruto; estamos lonxe tamén do 2,5 % que vostedes chegaron a marcar nalgún momento; por non falar xa de todas as necesidades que hai en materia tamén de ciencia básica —á que vostede non fixo referencia— e a consolidación de persoal investigador.

En ámbitos como os que mencionou da enerxía basicamente vostede volveu facer un refrito aquí das directrices enerxéticas e a Estratexia 2030, xeneralidades de descarbonización, etcétera. E unha mención a esa lei que está tramitando o Parlamento galego e que vostedes xa implementaron o recurso, que é unha empresa privado-pública —que non pública, como necesitaría este país— e que realmente non está supoñendo

resolver os problemas que ten este país; que é a falta de planificación, a falta de zonificación e a falta dunha regulación estable. E que é o que hai detrás ademais desas sentenzas do TSXG que vostedes cuestionan cando realmente o que deberían cuestionar é que se Galiza tivo unha paralización de renovables foi pola súa falta de desenvolvemento e polo seu sectarismo político e que a día de hoxe o que temos son grandes problemas enriba da mesa e seguen sen abordar o fundamental, que é que este país é especializado en produción, en produción de renovables, é excedentario de enerxía eléctrica neta, algo que non son todos os territorios do Estado. Evidentemente, necesidade de combustibles fósiles tena toda Europa, xa non Galiza; e, polo tanto, vostedes non abordan o debate fundamental que sería subverter esa posición de submisión centralista e colonial e facer que iso teña realmente beneficios para o noso país.

En cuestións como a auga, estamos co mesmo, non abordan a sobreexplotación dos ríos. Hai tamén un consenso parlamentario respecto diso que vostedes están a vulnerar coa súa política enerxética, como xa fixeron anteriormente co que había no ámbito da eólica mariña. E, desde logo, dista moito este Goberno de protexer un recurso tan estratéxico como o da auga; para a proba, os exemplos que eu puña de Altri, que é unha clara ameaza. E, o mesmo, novas ameazas como todo o que ten que ver coa minaría, que desde logo con este Goberno estamos lonxe de ter garantías para protexer os recursos e para aproveitalos a favor deste país.

Polo tanto —creo que xa estou excedendo o meu tempo—, son moitas cuestións que vostede tocou, pero realmente pois saímos decepcionados e decepcionadas desta comparecencia porque entendemos que non ofreceu nada novidoso en canto á coordinación, que segue sen haber unha folla de ruta para o Goberno máis alá de desregularizar e poñer unha alfombra vermella o lobby enerxético; e, polo tanto, pois ese non é o modelo do BNG. Cando vostedes decidan poñer os intereses de Galiza por diante dos intereses das grandes empresas e por diante da propia estratexia do Partido Popular a nivel de Estado, pois desde logo estaremos aí para facer propostas en positivo e construtivas. Mentres, pois seguiremos traballando contra todos e cada un destes retrocesos, e esas ameazas que vostedes están a patrocinar selectivamente e sen debate democrático desde o Consello da Xunta.

Nada máis e moitas grazas.

O **presidente en funcións (Trenor López):** Moitísimas grazas, señora Presas.

É agora turno da voceira do Grupo Parlamentario Popular xa para rematar esta quenda de intervencións por parte dos voceiros de todos os grupos. Polo tanto, señora Sanz Arias, ten vostede a palabra.

A **señora Sanz Arias**: Moitas grazas, presidente.

PARLAMENTO DE GALICIA

Bo día, señorías.

Señor Reboredo Nogueira, secretario xeral da Oficina de Coordinación Económica de Presidencia da Xunta de Galicia, benvido por primeira vez a esta Comisión 3ª do Parlamento galego.

Aproveito a ocasión para trasladarlle a noraboa polo seu nomeamento e desexarlle o maior dos éxitos no desempeño do seu novo posto.

En nome do Grupo Parlamentario Popular, quero agradecerlle a súa presenza nesta Comisión, por petición propia, así como agradecerlle o gran traballo desenvolvido por vostede e polo seu equipo para pór en marcha esta oficina que está chamada a xogar un papel moi importante á hora de promover iniciativas empresariais estratéxicas para Galicia.

Ben, foi no pasado mes de abril cando o presidente Alfonso Rueda anunciaba o cumprimento do compromiso electoral e no seu debate de investidura a posta en marcha da Oficina de Coordinación Económica de Galicia. Na súa intervención, o presidente facía balance da transformación da economía galega nos últimos tempos e lembraba o espírito emprendedor do noso pobo e a determinación ante as crises e as adversidades, e deixaba claro que non estaba disposto a perder ningunha oportunidade que permita facer de Galicia un país máis próspero e con máis emprego.

Neste contexto e a pesares do importante desenvolvemento vivido nesta comunidade nos últimos tempos, Galicia non pode conformarse, Galicia pode e ten que seguir crecendo. Pero nunha contorna global como o noso outros territorios tamén queren crecer, polo que todos competimos fortemente na captación dos proxectos. Por iso, o presidente anunciou que a atracción de investimentos na nosa comunidade será unha das súas principais prioridades da lexislatura; e con esa finalidade de atraer eses investimentos anunciou, por exemplo, novas medidas de carácter financeiro, como a creación dun fondo de capital público, cun capital inicial de 300 millóns de euros, ou novas medidas destinadas a facilitar solo industrial para que ningún proxecto deixe de implantarse pola carencia deste. E nesta materia Galicia está implantando instrumentos tan atractivos como que as empresas poidan dispoñer do solo empresarial durante os oito primeiros anos a custo cero, ou novas medidas que reduzan a burocracia e axilicen a tramitación do proxecto —ese aspecto novo no que tamén incidiu hoxe vostede—.

Nós temos claro que a Administración ten que acompañar e facilitar e non entorpecer que se implanten proxectos empresariais ou novas medidas de apoio aos emprendedores; ou novas medidas de organización administrativa, como a incorporación no organigrama da Xunta de Galicia dunha oficina económica adscrita á Presidencia co fin principal de coordinar todos os proxectos estratéxicos susceptibles de implantarse en Galicia. E dito e feito, pasados poucos días, no mesmo mes de abril publicouse o Decreto 48/2024, que recolle a configuración e as funcións da súa oficina.

PARLAMENTO DE GALICIA

A importancia que o presidente Alfonso Rueda lle outorga a esta materia queda acreditada, entre outros, en feitos como que a oficina depende directamente da Presidencia, o que se traduce nunha supervisión e coordinación transversal desde este departamento de todos os proxectos estratéxicos que se tramitan nas distintas dependencias da Xunta de Galicia. Polas súas intervencións, parece que as voceiras do BNG e do Partido Socialista non entenderon ben a filosofía e as funcións que vai desenvolver a súa oficina, que nada ten que ver con, por exemplo, a Oficina Económica do Igape.

Tamén a importancia acredítase en feitos como o de outorgarlle o rango de secretaría xeral. Ou en feitos —se me permite— de identificar a un profesional co seu currículo para ocupar o posto de secretario xeral, catedrático de análise económico e experto en análise e investigación de materias tan relevantes para o posto como son os mercados financeiros, os enerxéticos e o cambio climático.

Ben, señor secretario xeral, na súa intervención fixo vostede referencia aos obxectivos, aos piares básicos e aos sectores prioritarios nos que impulsarán proxectos. Respecto aos obxectivos, detallou aspectos tan importantes como, primeiro, identificar e priorizar eses proxectos que serán estratéxicos para Galicia; segundo, coordinarán políticas e proxectos que abranguen a diversas consellerías pola súa materia; e, terceiro, avaliarán o impacto das políticas económicas sobre a actividade produtiva, o emprego e o medio ambiente.

Respecto aos piares básicos, que se priorizarán a enerxía, a auga e o talento; estamos ante tres recursos nos que a nosa comunidade é rica e existe un gran potencial de desenvolvemento. Aspiran —aspiramos— a converter Galicia el líder de produción de renovables dada a gran abundancia de recursos da que dispoñemos e ao gran espazo que queda aínda por avanzar no proceso de descarbonización do sector enerxético.

E, por último, respecto aos sectores nos que pretende identificar e impulsar proxectos: eólica terrestre e mariña, o biogás, minaría de materiais críticos, hidróxeno verde, almacenaxe de enerxía, biotecnoloxía e intelixencia artificial. Ben, a priorización destes obxectivos, piares e sectores, deixa claro que o fin do Goberno galego é avanzar rumbo a unha Galicia desenvolvida, sostible e á vangarda das novas tecnoloxías. E tamén dotándonos de ferramentas lexislativas, como a futura Lei de recursos naturais de Galicia, que aposta por unha xestión responsable dos recursos e aposta porque todos os beneficios económicos e sociais dos proxectos que usen os nosos recursos revertan de novo en Galicia.

Todo isto diferéncianos —como estamos vendo— doutras forzas políticas presentes neste Parlamento, que aplican todos os seus esforzos en bloquear, dificultar, paralizar ou impedir calquera iniciativa que pretenda implantarse ou que pretenda crecer en Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA

Temos o Bloque, que é o partido do non: non á enerxía eólica —nin terrestre nin mariña—, non á industria extractiva, non á produción hidroeléctrica, non a proxectos transformadores do noso sector forestal, e non ultimamente con moita intensidade, ao turismo. O Bloque do non pero sen alternativas, estaría ben que nalgún momento dean algunha explicación de cal é o seu modelo enerxético, ou onde pensan que poden traballar os galegos cando intentan boicotear todas as industrias. Con todo o respecto á señora Presas, pero é incrible o que lle oín dicir na súa intervención da necesidade de captar inversión estranxeira, cando logo vostedes son os primeiros que se poñen en contra de calquera proxecto que queira vir a Galicia.

E o PSdeG, pois depende, o seu posicionamento respecto do desenvolvemento enerxético ou industrial pode variar, segundo sexa o momento; o que nunca varía é que sempre están ao servizo dos intereses de Sánchez e nunca ao servizo dos intereses dos galegos.

Estamos ante unha carreira contrarreloxo na execución dos fondos europeos e estes non acaban de chegar ás nosas empresas ou chegan a contagotas. Mentres que importantes proxectos da nosa comunidade como, por exemplo, o proxecto Trisquel de metanol verde, promovido por Forestal do Atlántico, pois segue agardando fondos. Pero, polo contrario, onte mesmo asistiamos de novo a unha discriminación a Galicia con respecto a outras comunidades cando o Consello de Ministros anunciaba unha axuda directa de 150 millóns de euros a una planta de hidróxeno verde en Cartaxena e Castellón, que aínda non ten autorización ambiental. A Altri condiciónaselle que teña obtido a estabilización para posicionarse respecto aos fondos, a esta empresa, a este proxecto non se lle exixe; a diferenza de criterio vostedes saberana, nós dende logo non as sabemos.

Señora Iglesias, presumía de execución dos PERTE na súa intervención. Entón, gustaríame que me explicase como pode estar satisfeita cando de acordo coas últimas estimacións relativa aos PERTEs industriais, dos 33.566 millóns de euros dispoñibles —incluídos os fondos da addenda— só se lanzaron 17.073 millóns de euros a nivel nacional e está resolto soamente un total de 10.927 millóns de euros; é dicir, señora Iglesias, queda un 67,45 % dos recursos sen adxudicar as industrias. Pode preguntar a que está esperando, ou pode dicir se está satisfeita con estes datos, porque realmente a nós parécenos moi preocupante sobre todo co pouco tempo que resta para a finalización do programa.

Na pasada lexislatura desde este grupo parlamentario presentamos numerosas iniciativas preocupados pola nefasta xestión dos fondos do MRR, e non teñan dúbida de que nesta seguiremos facéndoo coa esperanza de que cheguemos a tempo. E tamén coa esperanza de que o BNG reivindique os recursos que Galicia precisa e lle corresponden dun xeito máis firme do que o ten feito ata o de agora.

Ben, nós témolo claro, o modelo do Partido Popular supón sempre estar ao carón do empresario e do emprendedor, e arriscando o seu patrimonio persoal e

dedicando a súa vida só aos que xeran riqueza, crecemento e emprego de calidade nos territorios.

Repito, sempre ao carón do emprendedor, do empresario, de todo aquel que queira apostar e investir en Galicia, coa condición indispensable de que respecte a nosa contorna, os nosos valiosos recursos naturais e cumpra a lexislación vixente. Porque a empresa e medio ambiente debe ser sempre un binomio indisoluble, así deixouno claro o presidente no debate de investidura e así deixouno claro hoxe vostede; establecendo a sustentabilidade e a neutralidade climática como unha prioridade estratéxica que, non obstante, non debe comprometer o desenvolvemento económico de Galicia. Empresas, si, e preservación do noso medio natural, tamén.

Ben, vou rematando xa.

Señorías da oposición, Galicia funciona, Galicia cumpre os seus compromisos e Galicia vai ben, aínda que lles pese. Eu vou dar algún dato de carácter económico que así o acredita: primeiro, o PIB, a comunidade galega medrou no segundo trimestre deste ano un 2,5 %; segundo, indicador Abanca-Foro de Conxuntura Económica, rexistrou no mes de xuño un incremento interanual do 3,3 %, consolidando a tendencia alcista coa que comezou este ano 24. E este dato permitiu confirmar —non en palabras nosas, senón en palabras do Foro Económico de Galicia— que as previsións optimistas coas que comezara o 24 co comportamento da actividade económica están incluso por riba das expectativas.

¿E que falar das exportacións? Pois seguimos batendo récords históricos. O ano 23 pechou cun volume de vendas no exterior das nosas empresas superior a 30.000 millóns de euros e, segundo datos da contabilidade trimestral do segundo trimestre deste ano, as exportacións incrementáronse nun 6 %; son dous datos e de partida xa eran extraordinarios.

E respecto ao emprego. Realmente, señora Iglesias, non entendín nada dos datos que deu, porque respecto á cifra de paro —que vostedes se queixaba—, a cifra de paro acadada no mes de agosto foi a máis baixa de toda a serie histórica, e tamén a máis baixa en colectivos prioritarios como son as mulleres ou os mozos desempregados menores de 30 anos. E Galicia foi a terceira comunidade na que se acada unha maior baixada do paro, pero parece que estes datos non lle gustaron, non se realmente o que quería. Ou desde a perspectiva de afiliación, datos tamén positivos como que Galicia acada a cifra de afiliados máis alta nun mes agosto deste o ano 2005, co que hai 14.975 novas afiliacións con respecto a hai un ano.

Remato xa está apartado porque non teño tempo —entendo—, pero unha vez máis á realidade acreditada en base a datos oficiais desmonta o relato habitual da oposición dunha Galicia sempre gris.

Remato agradecendo de novo a súa comparecencia, por petición propia, para dar conta das liñas estratéxicas do seu departamento e desexarlle o maior dos éxitos. Sigamos traballando para vivir nunha Galicia que medra, nunha Galicia innovadora e de talento, nunha Galicia onde asentarse e ter un emprego de calidade. Unha Galicia de oportunidades.

Moitas grazas.

O **presidente en funcións (Trenor López):** Moitísimas grazas, señora Sánchez.

E xa para rematar esta comparecencia ten a palabra o señor Reboredo para intentar tamén solucionar todas aquelas dúbidas que lle foron trasladando os grupos parlamentarios.

O **secretario xeral da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia da Xunta de Galicia (Reboredo Nogueira):** Ben. Moitas grazas.

Grazas a todas as intervencións.

Este é un debate que trata de centrar cal é a estratexia que debemos de seguir para posicionar a Galicia nun nivel de liderado en termos de crecemento económico e en termos de benestar.

Nas súas intervencións —a excepción da deputada do PP— vin pouca reflexión neste sentido; e, desde logo, ningunha construtiva. É dicir, non foi un debate construtivo, senón simplemente unhas apreciacións ou matizacións que se basean en interpretación de datos e en moitos dos casos erróneos e mal interpretados. Por exemplo, a deputada do PSOE estaba afirmando que tiñamos sete proxectos industriais estratéxicos aprobados; realmente temos nove, o último aprobado no último Consello de Goberno. Polo tanto, creo que sería conveniente que actualizase os seus datos.

Con respecto ao momento económico, evidentemente, podemos adoptar a perspectiva optimista o pesimistas segundo nos conveña, pero os datos reflicten claramente un momento económico relativamente bo.

Á parte dos datos económicos que indicou a deputada do Partido Popular —e que non vou repetir— hai un dato moi significativo que é o dato relativo á produtividade; é dicir, isto é un dato sacado dun informe da OCDE —é dicir, non o computei eu, é dicir, está provisto por un organismo internacional de total solvencia— que é que a economía galega é a que máis avanzou en produtividade en España, conxuntamente coas Baleares.

PARLAMENTO DE GALICIA

E non sei por que afirma que o estado do benestar empeora, eu simplemente —se vostede me permite situarme nunha posición conservadora— diría que non empeora.

E o peso da industria está avanzando e temos que avanzar evidentemente moito máis. ¿Cales son as súas medidas, as súas propostas para avanzar ese peso do sector industrial na economía galega? Eu aportei varias liñas nas cales podemos e debemos incidir para incrementar ese peso da industria no PIB galego. Recórdolle o caso do sector da biotecnoloxía, no cal temos un gran potencial e podemos mellorar as industrias existentes e sobre todo crear novas industrias a partir dos resultados que teñamos da transferencia da investigación. Esa é unha liña de actuación que acabo de mencionar, á cal non atopo ningunha outra alternativa ou ningunha outra proposta alternativa pola súa parte.

Estamos dispostos a escoitar. Estamos aquí para escoitar, estamos aquí para construír o futuro económico de Galicia, e todos debemos e temos a obrigación de aportar ideas. Esas ideas non foron postas sobre a mesa, nin tampouco pola súa parte nin tampouco as ideas propostas foron debidamente discutidas e avaliadas.

As accións estratéxicas propostas evidentemente non esconden ningún tipo de acción concreta. Un conxunto de accións configuran a estratexia, pero a estratexia nunca é unha acción concreta.

Parece que o único punto de encontro que atopamos aquí é o da sustentabilidade, a necesidade de explotar ou utilizar de maneira adecuada e responsable os nosos recursos e converxer a un modelo enerxético sustentable. Pero máis alá desta converxencia —polo menos temos un obxectivo común— non vexo nin discrepancias nas formas nin tampouco ningún outro tipo de elementos que nos poidan axudar a facer ese camiño máis curto e máis áxil.

E, finalmente, fai referencia á propia oficina en si, é dicir, a oficina non é unha estratexia de marketing do Goberno galego. Desde logo, se o Goberno galego quixese adoptar estratexias de marketing tendo en conta o seu nivel competencial elixiría outras estratexias alternativas moito máis eficientes e moito máis frutíferas en termos de resultados.

Evidentemente, eu non vin aquí como unha parte dunha estratexia de marketing, senón a desempeñar unha serie de funcións que, como o propio decreto da oficina indica, non están solapadas nin coa Sociedade Impulsa nin tampouco coa Oficina Económica do Igape. Vostede pode comprobar perfectamente no decreto que unha das funcións desta Oficina precisamente é coordinar accións que esa Oficina Económica do Igape desenvolve, polo tanto, non hai ningún tipo de solapamento nese sentido. Tampouco hai ningún tipo de solapamento coa Sociedade Impulsa.

Ben, simplemente agradecer as intervencións de todos os deputados e indicarlles que obviamente o debate pola miña parte seguirá aberto, eu estou disposto e as portas da Oficina de Coordinación Económica están abertas para todas as súas propostas. Todas esas propostas serán avaliadas e consideradas e sempre co obxectivo de elaborar ou poñer en práctica todas aquelas accións que dean o mellor resultado en termos económicos para Galicia.

Grazas novamente.

O **presidente en funcións (Trenor López):** Moitísimas grazas, señor Reboredo, secretario xeral da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia da Xunta de Galicia.

Foi un auténtico pracer ter nesta casa un debate como no que podemos participar, co cal está vostede invitado a vir aquí cando desexe.

Máis nada. Moitas grazas.

(Remata a comparecencia ás 11.50 horas).